

PRESENTACIÓN

Alí onde imos sempre insistimos en que a Deputación da Coruña traballa moi preto da cultura. A institución provincial que presido defende calquera tipo de acción cultural en todas as súas manifestacións e niveis, dende os nosos premios culturais, que abranguen todas as artes (narrativa, plástica, artesanía...) ata o apoio dos artistas e investigadores con bolsas para que poidan desenvolver o seu labor. Un labor que, ao meu parecer, é imprescindible para a evolución de todos os pobos. A cultura fainos crecer e mellorar como persoas, de xeito individual, pero tamén como sociedade.

E, por iso, a Deputación leva mantendo unha longa relación coa revista de arte QUINTANA. Unha publicación que neste ano 2014 acada a súa décimo segunda edición –que agora presentamos– e na que caben todo tipo de temas e colaboracións relacionadas coa arte: pintura, arquitectura, cine, música...

En concreto, nesta ocasión, poderemos coñecer máis de asuntos e materias tan variados coma os conxuntos históricos de Galicia, o santuario da Escravitude de Cruces, ou A Coruña como cidade de veraneo nos anos 30. Pero tamén da historia da vivenda mexicana, da XVIII biennial de Sidney ou de Nantes coma a cidade portuaria idealizada polo cineasta Jacques Demy.

Falamos de variedade e riqueza. Da historia propia e común. En calquera caso, estudos importantes para o departamento de Historia da Arte da Universidade e por iso dende a Deputación seguimos hoxe colaborando coa edición deste manual que cada ano incrementa os coñecementos de especialistas e curiosos.

Ademais, nesta ocasión, contamos con grandes expertos, tamén internacionais, para abordar dende todas as temáticas e todos os tempos (da prehistoria á actualidade pasando polo renacemento) o tema central da publicación: Arredor da mirada. A través deste monotema, os autores indagan no punto de vista propio e alleo en distintos momentos históricos e dende distintas ópticas.

O noso punto de vista, o da Deputación, pretende ser o de protector. E seguiremos axudando, sempre e cando poidamos, para que este tipo de obras saian adiante e contribúan á difusión da cultura entre a poboación.

Deséxovos unha agradable lectura.

Diego Calvo Pouso
Presidente da Deputación da Coruña